

REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO ACORDO DE POLITICA SOCIAL

Santiago de Compostela 25/04/25

CONSIDERACIÓNS INICIAIS

A proposta da administración recolle algunha das alegacións de UGT. Debemos destacar que por fin, **desaparece o criterio de carteleira que vulneraba o Acordo, colocación das C solapando o descanso de 12 horas entre xornadas**, e se elimina a proposta de carteleira coas secuencias **TCM e NCM**. Este era “un” dos incumprimentos máis graves que acadamos eliminar.

Si ben é certo que ademáis das melloras económicas o Acordo aportou un incremento de prazas e a conversión en tempo completo de prazas a tempo parcial, **avance inicial** importante, tamén é certo que UGT xa apuntabamos a revisión das cargas de traballo para seguir reforzando os cadros de persoal. A realidade é que se aplica un criterio de non cobertura, exemplo as adaptacións de postos de traballo, que sobrecargan máis o persoal. **Criterio que non é consecuencia do Acordo.**

UGT reitera a demanda de maior cobertura para non desvirtuar as melloras acadadas e sinalamos que debería activar a subcomisión para valorar as medidas que eviten a sobrecarga consecuencia da adaptación de postos de traballo segundo a cláusula novena e) do Acordo.

COMPENSACIÓN DOS DÍAS 24 E 31

Nesta materia o Acordo e claro. A proposta de criterios de carteleira da administración **non atende a solicitude de UGT de respectar a literalidade do acordado** polo que reiteramos a nosa petición de maneira contundente.

CRITERIOS DE CONCESIÓNS DE VACACIÓNS

Reiteramos a solicitude de que se establezan **criterios claros, concisos e únicos para a concesión dos períodos vacacionais**. A vontade que decía ter a administración de homoxeneizar é contraria a **disparidade das direccións dos centros para priorizar as concesións**.

INTERSUSTITUCIÓNS

Estimaron a alegación de UGT, xa figura que os centros “**establecerán**” listas de **voluntariedade**, e tamén que ditas listas se activan unha vez que se teña acudido o **Decreto 37/2006 e non sexa posible a cobertura, e se limitan a 12 anuais as quendas de intersusutitucións**. Pero as **contías compensatorias** son insuficientes, e deben incrementarse.

VARIOS

A Administración refire que estanse a revisar **as subcomisións** que contemplaba o Acordo, entre as que figura a regulación do uso do comedor, absentismo.....

A administración manifesta que revisará e elevará a Mesa unha nova proposta.

